

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000042.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ORDINARIA da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres, día 21 de setembro de 2022, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte ORDE DO DÍA confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE BIOMETANO PARA INXECCIÓN Á REDE, EN ESQUEMA DE ECONOMÍA CIRCULAR A TRAVÉS DA XESTIÓN E VALORACIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS, EN LAMABLANCA E MONTE DE SOÑAR (Expte: 2021/Y001/000331).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NO LUGAR DE A BREA - TIRIMOL NÚMERO 10 (Expte: 2022/Y001/000080).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICIO NA RÚA PORTUGAL NÚMERO 12 (Expte: 2022/Y001/000160).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA ALMACÉN, SOLEIRA E MURO PARA SILO FORRAXEIRO, EN SANTIAGO DE SAA (Expte: 2021/Y001/000245).

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**CONTRATACIÓN**

5. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS RETIRADOS DA VÍA PÚBLICA, SITOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. REF.

## ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac8930730956756929440.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-9-2022

2022-C005-000016.

6. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA DEPORTIVA E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS EN DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE LUGO. (EXP. REF. 2019-09- TECOL 2020/C003/000034). DESESTIMACIÓN DA PETICIÓN DE REVISIÓN DE PREZOS E PRÓRROGA DO CONTRATO POR UN PERÍODO DE SEIS MESES OU INFERIOR EN CASO DE NOVA CONTRATACIÓN.

7. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓNS DAS INSTALACIÓNS, INFRAESTRUCTURAS E CONSTRUCCIÓNS RURAIS SINGULARES E PATRIMONIAIS NO ÁMBITO RURAL DO CONCELLO DE LUGO. EXP. REF. 2020/C003/000023). 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 1/9/2022 ATA O 31/8/2023.

8. CONTRATACIÓN PARA O PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FESTIVAL "CAUDAL FEST 2022". REF. 2022/C005/000009. ADXUDICACIÓN.

9. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DA SUBMINISTRACIÓN - ARRENDAMENTO SEN OPCIÓN DE COMPRA- DUN VEHÍCULO PATRULLA CON KIT DE DETIDOS TIPO SUV 5 PORTAS (LOTE 1) E UN VEHÍCULO PATRULLA TIPO SUV 5 PORTAS 4X4 SEN KIT DE DETIDOS (LOTE 2). EXP. REF. 2022-C004-000013. ADXUDICACIÓN.

10. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA NON INVENTARIABLE (EXP. REF. 2019-067) 2020/C004/000003. PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O DIA 16 DE OUTUBRO DE 2022 ATA O DIA 15 DE OUTUBRO DE 2023.

11. CONTRATACIÓN DA OBRA DE "REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE E AMPLIACIÓN EN EDIFICIO INDEPENDENTE PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO", INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DO 13 DE NOVEMBRO CON FINANCIAMENTO DO 80%. EXP. REF. 2022-C002-000003. SUSPENSIÓN DO PRAZO DE INICIO DA OBRA.

## PERSOAL

12. PROPOSTA NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: XESTIÓN.

13. COMPROMISO DE INCORPORACIÓN DE 1 PRAZA DE CELADOR/A CEIP NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DESTE CONCELLO PARA O ANO 2023.

#### FACENDA LOCAL

14. REGULARIZACIÓN TRIBUTARIA POR DENEGACIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA EDIFICACIÓN NA ESTRADA DE SANTIAGO, Nº 94.

#### MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

#### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao Vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

*Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta.*